

## ● ¿Cal é a normativa aplicable?

- Convenio para a protección dos dereitos humanos e a dignidade do ser humano con respecto ás aplicacións da bioloxía e da medicina. Oviedo, 1997.
- Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, modificada pola Lei 3/2005, do 7 de marzo.
- Lei 41/2002, básica reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.
- Decreto 259/2007, do 13 de decembro, polo que se crea o Rexistro galego de instrucións previas sobre coidados e tratamento da saúde.



Consellería de Sanidade

Dirección Xeral de  
Aseguramento e Planificación  
Sanitaria

Información Divulgativa

### UNIDADES DO REXISTRO GALEGO DE INSTRUÇÓNS PREVIAS

Servizos centrais da Consellería de Sanidade  
D. X. de Aseguramento e Planificación Sanitaria  
Edificio Administrativo San Lázaro, s/n  
15703 - [Santiago de Compostela](#)  
Tlf.: 881 54 03 13

Delegación Provincial de Sanidade de  
[A Coruña](#)  
Rúa Gregorio Hernández, nº 2 – 4.  
15011 - A Coruña  
Tlf.: 981 155 823 / 982 155 852

Delegación Provincial de Sanidade de  
[Lugo](#)  
Rúa Montevideo, nº 9, 1º andar  
27001 - Lugo  
Tlf.: 982 292 086 (centralíña) / 982 292 116

Delegación Provincial de Sanidade de  
[Ourense](#)  
Avda. de Zamora, nº 13  
32005 - Ourense  
Tlf.: 988 066 320

Delegación Provincial de Sanidade de  
[Pontevedra](#)  
Avda. de Vigo, nº 16  
36003 - Pontevedra  
Tlf.: 986 885 334

## INSTRUÇÓNS PREVIAS SOBRE COIDADOS E TRATAMENTO DA SAÚDE

Información ao profesional



A súa vontade sempre primeiro

## ● ¿Que é o documento de instrucións previas?

É o documento en que unha persoa maior de idade, capaz e libre, manifesta **anticipadamente** a súa vontade sobre aquelas **actuacións médicas** a recibir ou non, co fin de que esta sexa respectada e cumplida no momento en que por determinadas circunstancias non sexa quen de expresala persoalmente.

## ● ¿Cal é o contido deste documento?

O documento deberá ter en todo ou parte o seguinte contido:

a) **Instrucións e opcións acerca dos coidados e o tratamento da saúde** da persoa outorgante, chegada unha situación en que polas circunstancias non sexa quen de expresala persoalmente.

b) Instrucións sobre o **destino do corpo e dos seus órganos**, unha vez chegado o falecemento.

No documento tamén pode aparecer o nome dun **representante** do outorgante, para que, chegado o caso, actúe como interlocutor co/a médico/a ou co equipo sanitario na procura do cumprimento das instrucións previas.



## ● ¿Que é o Rexistro galego de instrucións previas (REGAIP)?

É un **rexistro** dependente da **Consellería de Sanidade**, no cal os outorgantes de documentos de instrucións previas, se así o desexan e cumplindo os requisitos establecidos, poderán **inscribir** o seu documento de instrucións previas, ou se é o caso, a súa substitución ou revogación.

Este rexistro é de natureza administrativa, sendo a inscrición das instrucións previas de carácter **voluntario e declarativo**.

## ● ¿Cal é a función do REGAIP?

A finalidade do rexistro é **facilitar o coñecemento da existencia do documento** de instrucións previas aos profesionais que prestan a asistencia sanitaria, así como a consulta do seu contido chegada a situación en que sexa necesario telo en conta.

A **ausencia de inscrición** dun documento de instrucións previas validamente outorgado non impide a súa aplicabilidade no ámbito sanitario.

Co fin de garantir a súa eficacia en todo o territorio nacional, o Rexistro galego de instrucións previas estará **interconectado** co Rexistro nacional de instrucións previas.

## ● ¿En que circunstancias se pode acceder ao REGAIP?

Chegada unha situación en que o/a **paciente non sexa quen de expresar persoalmente a súa vontade**, o/a médico/a ou o equipo sanitario que presta a asistencia deberá acceder ao rexistro para comprobar a existencia ou non dun documento de instrucións previas.

Sen prexuízo de que na historia clínica exista copia do mesmo, tamén deberá acceder ao rexistro para verificar se foi inscrito un documento cunha data posterior e, de ser o caso, coñecer o seu contido.

Así mesmo, este/a médico/a poderá acceder ao rexistro **cando sexa autorizado pola persoa outorgante**.

## ● ¿Como se accede ao REGAIP?

O acceso ao rexistro farase **a través de comunicación telemática** ao ficheiro automatizado do rexistro, mostrándose o contido do documento de instrucións previas, e se é o caso, o nome da persoa representante do outorgante. Co fin de garantir a seguridade e confidencialidade dos datos será necesaria a identificación da persoa destinataria da información mediante o correspondente **certificado de sinatura electrónica** ou **tarxeta "chip"**, quedando constancia do seu acceso ao rexistro.

O/A médico/a ou equipo sanitario que presta a asistencia fará constar o seu acceso ao documento de instrucións previas **na historia clínica** do/a paciente outorgante. Igualmente, deixará constancia motivada en caso de non aplicación das instrucións previas nos supostos legalmente previstos.

